

**MEMORIA DE
RESULTADOS DO
PROXECTO EQUAL
“CONTA CON ELAS”**

2005 2006 2007



Fondo Social Europeo



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



fundación
caixanova



Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo: Entidade representante da A.D.

CEP: Confederación de Empresarios de Pontevedra

CIG: Confederación Intersindical Galega

CC.OO: Comisiões Obreiras

Deputación Provincial de Pontevedra

Fundación Caixanova

UGT: Unión Xeral Traballadores

Universidade de Vigo

ENTIDADES
ASOCIADAS A
A . D . Á R E A
METROPOLITANA
DE VIGO
(A.D. nº 149)

Xerenta
Ana García Barrio

Director administrativo financeiro
José Ramón Pérez González

Apoio administrativo
Juan Ramón Lorenzo Español
Blanca Roura Javier

Área de sistemas informáticos e loxística
José Ángel Méndez Pardo

Técnica en Comunicación
María Montserrat Doval Avendaño

Área de Igualdade de Oportunidades, avaliación e transnacionalidade
Laura Estévez Caride
Belén Vázquez Núñez

Área de sensibilización institucional e actividades empresariais
Rosa María Fernández Díaz
Carmen López Fernández

Área de atención a persoas e sensibilización socieducativa
María Gloria Pérez Durán

Técnicas en igualdade de oportunidades e inserción laboral
María José Alonso Lameiro
María Blach Leyenda
Eva María Magadán Mompó
Montserrat Sevilla García

Redactora
Carmen López Fernández

Maquetación
magenta, axencia de publicidade

**EQUIPO XESTOR
DO PROXECTO
CON TA CON
E L A S
MANCOMUNIDADE DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO**

INDICE



7 INTRODUCCIÓN

10 LIÑA DE ACTUACIÓN 1: Sensibilización social e educativa

11 Acción 1: O bus da igualdade

13 Acción 2: O mes da igualdade

2.1. Obradoiros “Cambiando os guións, eu tamén quero ser”

2.2. Mesas de visibilización

2.3. Cinefórum

2.4. Obradoiros “Aproxímate á igualdade, mulleres e homes nun mesmo espazo”

2.5. Exposición “Imaxina e comparte mais”

2.6. Boletín da igualdade

20 Acción 3: Material pedagóxico audiovisual e multimedia

3.1. Material didáctico “Cinefórum”

3.2. Xogo multimedia “A igualdade non é un xogo”

22 Acción 4: Exposición permanente O planeta da igualdade - Museo Verbum

23 Acción 5: Sensibilización ao profesorado

24 LIÑA DE ACTUACIÓN 2: Sensibilización institucional

25 Acción 1: Mainstreaming institucional de xénero e cláusula de igualdade

26 LIÑA DE ACTUACIÓN 3: Sensibilización empresarial e laboral

27 Acción 1: Visitas a empresas e ofertas de emprego

30 Acción 2: Campañas de diversificación profesional

32 Acción 3: Foros en empresas

34 Acción 4: Accións de igualdade nas empresas

4.1. Diagnóstico de igualdade de oportunidades en empresas. MIDE

4.2. Promociona

4.3. Rede de empresas pola igualdade

4.4. Formación para mulleres das empresas

38 Acción 5: Convenios colectivos dende a perspectiva de xénero

39 Acción 6: Centros antena sectoriais en intermediación e asesoramento

6.1. Elaboración e difusión de manual de formación en igualdade para o traballo sindical

6.2. Asesoramento a persoas

INDICE



41	LIÑA DE ACTUACIÓN 4: Atención ás persoas
42	Acción 1: Captación e recepción inicial de persoas
45	Acción 2: Reafirma: itinerarios parciais para a reafirmación do obxectivo profesional
47	Acción 3: Reafirma-medioambiente
48	Acción 4: Emprénde innova
49	Acción 5: Reemprénde: accións para a creación de empresas promovidas por mulleres
	5.1. Recepción de emprendedoras
	5.2. Formación para emprendedoras
	5.3. Axudas directas a empresas de mulleres "Reemprénde"
	5.4. Espazo da muller emprendedora: viveiros de empresa
52	LIÑA DE ACTUACIÓN 5: Principios transversais
53	Acción 1: Accións transversais para a promoción da igualdade de oportunidades
	1.1. Accións de igualdade de oportunidades para as participantes do proxecto
	1.2. Accións de igualdade de oportunidades para o equipo técnico
	1.3. Formación en igualdade nos ámbitos socioeducativo, institucional e empresarial-laboral
	1.3.1. Formación no ámbito socioeducativo.
	1.3.2. Formación no ámbito institucional
	1.3.3. Formación no ámbito empresarial-laboral
	1.4. Cooperación social para a conciliación de tempos: bancos do tempo.
63	Acción 2: Novas tecnoloxías da información e da comunicación
	2.1. Creación e mantemento da web do proxecto
	2.2. Boletín electrónico do proxecto
	2.3. Creación e mantemento da extranet e rede privada virtual
	2.4. Plataforma de teleformación
	2.5. Pool de participantes
	2.6. Plataforma de Emprego Emprégate
	2.7. Vídeo de presentación do proxecto
	2.8. DVD recompilerio final
66	Acción 3: Medioambiente
67	LIÑA DE ACTUACIÓN 6: Transnacionalidade
68	Acción 1: Grupos de traballo
69	Acción 2: Teleformación
70	Acción 3: Web transnacional
71	Acción 4: CD transnacional
72	LIÑA DE ACTUACIÓN 7: Publicacións e difusión..
73	Acción 1: Publicacións
76	Acción 2: Difusión

INTRODUCCIÓN

O proxecto “Equal Conta con elas” enmárcase dentro da área temática de “Diminuír os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo”, do Piar IV de Equal “Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”.

O obxectivo xeral é a diminución da segregación laboral, horizontal e vertical, no emprego mediante a sensibilización nos niveis socioeducativo, institucional, e empresarial-laboral, co fin de facilitar a inserción laboral e a promoción profesional das mulleres en sectores de actividade e ocupacións masculinizadas.

Os obxectivos específicos, son os seguintes:

Xerar unha percepción social máis igualitaria entre homes e mulleres para romper, mediante accións innovadoras e experimentais, cos estereotipos sexistas existentes.

- II. Impulsar o *mainstreaming* de xénero a través de accións no ámbito institucional co fin de transferir as mellores solucións encontradas ás diferentes áreas da xestión pública.
- III. Potenciar a presenza de mulleres en sectores e ocupacións tradicionalmente ocupados por homes a través de accións que promovan a capacitación e inserción laboral feminina nestes sectores co fin de incorporalas ás políticas de emprego.
- IV. Sensibilizar ao sector empresarial con accións innovadoras para cambiar de maneira efectiva a percepción sobre o tipo de tarefas e responsabilidades que poden desenvolver as mulleres no emprego e impulsar a súa transferencia ás políticas xerais.
- V. Promover unha elección formativa e profesional non baseada en estereotipos de xénero entre o alumnado do ensino secundaria e formación profesional, a través de accións de sensibilización e formación dirixidas ao persoal docente con funcións de orientación e tutorización.

- VI. Optimizar o uso dos recursos existentes no territorio en materia de igualdade de oportunidades, mediante a posta en marcha de modelos de actuación baseados en redes cooperativas.
- VII. Fomentar a conciliación familiar, laboral e persoal a través de accións experimentais que permitan conxugar os distintos tempos e espazos da vida.
- VIII. Promover modelos de actuación transferibles no uso das Novas Tecnoloxías(NTIC) para a xestión, desenvolvemento, seguimento, difusión, e avaliación do proxecto.
- IX. Potenciar unha cultura respectuosa co medio ambiente, a través de accións innovadoras, transversais e transferibles que impliquen un emprego responsable dos recursos medioambientais, a xeración de emprego neste ámbito e a aplicación dun enfoque de xénero na formulación medioambiental do proxecto.

LIÑA DE ACTUACIÓN 1 SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E EDUCATIVA

O obxectivo desta liña foi a sensibilización do contorno social e dos/as axentes educativos, así como do alumnado co fin de promover un cambio na percepción social dos estereotipos masculinos e femininos, modificando a elección formativa e profesional non negada por estes.

ACCIÓN 1: O BUS DA IGUALDADE

O bus da igualdade trátase dun autobús informativo para facilitar a elección profesional de homes e mulleres baseada nas súas capacidades, habilidades e intereses profesionais, e non baseada nas eleccións profesionais tradicionais asignadas socialmente.

Esta acción desenvolveuse con emprazamentos do "Bus da igualdade" por todo o territorio da Mancomunidade de Vigo, acordados cos concellos, asociacións veciñais, centros de ensino secundario, centros parroquiais e sociais., feiras, acompañando ás actividades do Mes da igualdade.

A continuación sinalamos o número de emprazamentos por concellos e o número de persoas que visitan o Bus da igualdade.

Emprazamentos do Bus da Igualdade. Nº de días


	2006	2007
Baiona	10	
Fornelos de Montes		2
Gondomar	6	
Mos		5
Nigrán	5	
Pazos de Borbén		2
Porriño O	6	
Redondela	5	
Salceda de Caselas		5
Salvaterra de Miño		3
Soutomaior	5	
Vigo (Centro/ Feiras profesionais/Bembrive)	26	12
TOTAL	63	29
TOTAL	92	

Nº persoas das visitas no Bus da Igualdade

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2006	973	596	1569
2007	524	380	904
TOTAL	1497	976	2473

Sobre o número total de visitas podemos distinguir o número de persoas adultas e o número de escolares que asistiron ao Bus da Igualdade.

Nº Persoas das visitas bus da igualdade 2006-2007



Nº persoas por idade das visitas. Bus da Igualdade

	PERSONAS ADULTAS	ESCOLARES	TOTAL
2006	710	859	1569
2007	282	622	904
TOTAL	992	1481	2473

ACCIÓN 2: O MES DA IGUALDADE

O mes da igualdade celebrouse nos distintos concellos da Mancomunidade de Vigo de xeito paralelo aos emprazamentos do Bus da igualdade.

Esta acción contempla diferentes actividades que fomentan a igualdade de oportunidades no emprego, que foron o obradoiro "cambiando os guións, eu tamén quero ser", as mesas de visibilización de mulleres en oficios masculinizados, o cinefórum, a exposición, e o boletín da igualdade realizadas nos concellos como nos centros educativos.

**Nº persoas participantes nos obradoiros
-centros de secundaria -**


	2006		2007	
	M	H	M	H
Baiona	21	15		
Gondomar	11	15		
Mos			45	38
Nigrán	28	32	8	8
Pazos de Borbén			9	11
Porriño O	57	52	24	22
Redondela	42	38		
Salceda de Caselas			17	24
Salvaterra de Miño			25	25
Soutomaior	74	94		
Vigo			218	212
TOTAL	233	246	346	340
TOTAL	479		686	

2.1. Obradoiros "Cambiando os guións, eu tamén Quero ser"

Os obradoiros realizáronse co obxectivo de fomentar a diversificación profesional no ámbito escolar a través da reflexión sobre a aprendizaxe de roles asignados a mulleres e a homes. Esta reflexión tratou de incidir no cambio de actitudes para a definición da elección profesional.

Os obradoiros desenvolvéronse nos distintos institutos de educación secundaria obrigatoria, destinados ao alumnado de 3º e 4º.


Obradoiro "Cambiando guións..." 2006-2007



Nº obradoiros por Concellos-centros de secundaria-

	2006	2007
Baiona	2	
Gondomar	2	
Mos		4
Nigrán	4	1
Pazos de Borbén		1
Porriño O	4	3
Redondela	5	
Salceda de Caselas		2
Salvaterra de Miño		2
Soutomaior	9	
Vigo		22
TOTAL	26	35

Nº Persoas mesas de visibilización 2006-2007



Nº persoas participantes nas mesas de visibilización

	2006		2007	
	M	H	M	H
Baiona	16	2		
Fornelos de Montes				
Gondomar	12			
Mos			23	4
Nigrán	14			
Pazos de Borbén				
Porriño O	17	2		
Redondela	20			
Salceda de Caselas			16	6
Salvaterra de Miño				
Soutomaior	7			
Vigo			56	78
TOTAL	86	4	95	88
TOTAL	90		183	

2.2. Mesas de Visibilización

As mesas de visibilización “Experiencias de mulleres que nos fan iguais no traballo” foron charlas impartidas por mulleres que desenvolven a súa actividade laboral en ocupacións onde as mulleres teñen unha baixa representación, amosando as dificultades-facilidades que tiveron no seu posto nos distintos aspectos como a elección profesional, o acceso ao emprego, a posta en marcha da súa empresa, a relación no contorno de traballo...

As mulleres profesionais que participaron nesta actividade foron un total de **22 no ano 2006**, que traballan na Área de Vigo nos seguintes postos: montadora naval, responsable de RRHH, empresaria escaiolista, empresaria de fontanería, xefa de obra de construción civil, condutora de autobuses, enxeñeira de telecomunicacións, patroa de embarcacións de marisqueo, industria (2), condutora de autobuses, presidenta de asociación, controladora aérea, carpinteira, carpinteira metálica, técnica de instalacións electrotécnicas, caldeira, empresaria construción, condutora de camiós de incendios, mariñeira, peoa, empresarial.

No **ano 2007**, o total de mulleres relatoras foi de **14**, nos postos de: electricista naval, montadora naval, albanela, empresaria de transporte, forestal, percebeira, controladora aérea, caldeira, escaiolista, canteira, colocadora de pladur, mariñeira de máquinas, e soldadora.

2.3. Cinefóruns


O cinefórum realizouse mediante o visionado de películas e o posterior parladoiro, traballando a través de apoios didácticos. O seu obxectivo foi a sensibilización das persoas asistentes para unha elección profesional non baseada no que se espera "tradicionalmente" dos homes e das mulleres, incidindo na eliminación de segregación no mercado laboral.

Realizáronse 11 cinefóruns, 9 en concellos e 2 en centros escolares de Vigo.

Nº persoas participantes –Cineforum–

	2006		2007	
	M	H	M	H
Baiona	18	1		
Gondomar	4	2		
Mos			25	3
Nigrán	21	11		
Porriño O	10	7		
Redondela	7	2		
Salceda de Caselas			25	10
Soutomaior	13	1		
Vigo	7	12	110	96
TOTAL	80	36	160	109
TOTAL	116		269	


Cineforum 2006-2007



2.4. Obradoiro "Aproxímate á igualdade, mulleres e homes nun mesmo espazo"

O obradoiro "Aproxímate á igualdade, mulleres e homes nun mesmo espazo" tivo por obxecto analizar a educación tradicional de xénero no acceso ao mercado de traballo a través dos distintos contidos: a discriminación de xénero e os estereotipos, os roles de xénero na familia, corresponsabilidade familiar e conciliación, e os estereotipos no mercado laboral.

Obradoiro "Aproxímate á igualdade..." 2006-2007



Nº persoas participantes - Obradoiro "aproxímate á igualdade..." -

	2006		2007	
	M	H	M	H
Baiona	8	2		
Redondela			28	5
Soutomaior	10	1		
Vigo	8	2	15	0
TOTAL	26	5	43	5
TOTAIS	31		48	

2.5. Exposición “Imaxina e comparte máis”

A exposición itinerante “Imadna e comparte máis” difundiu conceptos de igualdade a través de 13 paneis e 12 cubos didácticos durante unha semana nos distintos concellos da Mancomunidade de Vigo. Os contidos que trata son: a asignación diferencial de roles e reparto de tarefas, a dobre xornada para as mulleres, a situación laboral das mulleres no mercado laboral na Mancomunidade, a conciliación, e alternativas de transformación social. O período de tempo de realización da exposición abrangue dende setembro de 2006 ata decembro de 2007 cun total de 25 emprazamentos, nos centros escolares, centros antena sectoriais do proxecto, locais municipais e centros sociais.

Nº exposiciones por concello

	2006	2007
Belona		5
Gondomar	1	
Mos		1
Nigrán	1	
Pazo de Borbén		1
Porriño O	1	1
Redondela		1
Salceda de Caselas		1
Salvatierra de Miño		1
Soutomaior	1	
Vigo	3	7
TOTAL	7	18



2.6 Boletín da Igualdade

O boletín da Igualdade é un documento informativo periódico que se elaborou coincidindo co mes da igualdade, coa finalidade de difundir todas as actividades realizadas durante este tempo nos concellos da Mancomunidad. Os distintos artigos que o compoñen recolleron datos sobre estudos socioeconómicos, as mesas de visibilización de mulleres en oficios tradicionalmente masculinizados, entrevistas con persoal responsable de políticas de igualdade e emprego, e diferentes novas sobre as actividades do mes. Esta publicación difundíuse nos distintos organismos cun total de 225 envíos por boletín en formato papel, e cunha tirada de 1.000 exemplares, ademais de estar á disposición de todas as persoas a través da páxina web www.contaconelas.org.

Nº de Boletina da Inuidade por concellos

	2008	2007
Balona	1	
Fornelos de Montes		1
Gondomar	1	
Moa		1
Nigrán	1	
Pazos de Borbén		1
Pornillo O		1
Redondela	1	
Salceda de Caselas		1
Salvatierra de Miño		1
Soutomaior	1	
Vigo (Navalla, SICO, Bembibre, Vigo)	3	1
TOTAL	8	7



ACCIÓN 3: MATERIAL PEDAGÓXICO AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA

3.1. Material didáctico "Cineforum"

O material didáctico do "Cineforum" é unha ferramenta que ten por obxecto, a través do visionado das distintas películas, difundir a diversificación profesional e a presenza das mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas, e eliminar as barreiras sociais baseadas nos prexuízos cos que as mulleres se atopan nos distintos ámbitos.

O material está composto por unhas fichas de traballo para a moderación e outras para as persoas participantes. As fichas para a moderación inclúen os seguintes aspectos: a ficha técnica e resumo da película, análise dos distintos contextos individual, familiar e social en relación coa diversificación profesional, ficha didáctica con obxectivos xerais e específicos, as claves de traballo para a moderación dende os contextos familiar e social, e preguntas para fomentar o debate coas conclusións. As fichas para as persoas participantes contemplan unha ficha técnica co resumo da película e un cuestionario para a análise. As películas que compoñen o material son as que se especifican na táboa lateral.

Películas material didáctico "Cineforum"	
1.	A costela de Adán
2.	As mulleres de verdade teñen curvas
3.	Billy Elliot
4.	Círculo
5.	Eles dan o golpe
6.	Erin Brockovich
7.	Min un manco
8.	Norman Raa
9.	Osama
10.	Pan e rúgos
11.	Quero ser como Beckham
12.	Willowood



3.2. Xogo multimedia "A igualdade non é un xogo"

O xogo Interactivo "a igualdade non é un xogo" está composto por diversos exercicios interactivos a través dos que se pretende achegar unha elección formativa e profesional igualitaria, segundo os desexos, intereses e capacidades das persoas en idade escolar. O xogo actúa facilitando a análise das distintas causas que constrúen a desigualdade social para as mulleres no emprego. Realízase mediante a superación das diferentes fases polas que as personaxes, Uxía e Anxo, guían os distintos procesos. A primeira fase inclúe aspectos relativos á elección diferencial de xoguetes para nenos e nenas, a visibilización das mulleres en distintos eldos e a análise da desigualdade social a través da publicidade, da familia, da linguaxe, da escola, das amizades, e das ofertas de emprego. A segunda fase realiza unha reflexión sobre a presenza das mulleres en sectores como a construción, o mar, ou a seguridade cidadá, e a dos homes na confección, na enfermaría e no coidado de persoas menores. A terceira fase analiza a promoción profesional das mulleres facendo fincapé naquelas barreiras que atopan como directivas.

O paso por estas tres fases achega unha valoración de como se elixen as distintas profesións, segundo a influencia dos estereotipos de xénero asociados a homes e mulleres.

O xogo está destinado ao alumnado de ESO, aplícase durante o desenvolvemento do proxecto e posteriormente difúndese en todos os centros da Mancomunidade de Vigo.




ACCIÓN 4: EXPOSICIÓN PERMANENTE O PLANETA DA IGUALDADE- MUSEO VERBUM

A exposición "O planeta da igualdade" está composta por cubos correspondentes ás letras "M" e "LL" do museo Verbum de Vigo de xeito permanente. O obxectivo é difundir o principio de igualdade entre mulleres e homes no mercado laboral mediante paneis e distintos xogos: as mulleres inventoras, o quebra cabezas, as ferramentas de traballo, o xogo da oca, o da memoria e o xogo de colorear. Esta exposición está destinada concretamente para a poboación escolar. Os paneis e os xogos recollen contidos relativos á igualdade de oportunidades, o mercado laboral e o xénero, e os dereitos das mulleres. Organizouse a exposición permanente "O planeta da igualdade", conxuntamente coa Concellaría da Muller do Concello de Vigo, dende marzo de 2007.

Realizáronse obradoiros formativos guiados na exposición entre marzo e xuño 2007, cun total de **110 obradoiros** que inclúen aos grupos de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Entre os grupos dos/as escolares que asistiron destácase a presenza de centros procedentes doutras provincias da Coruña, Lugo e Ourense.

Nº Visitantes da exposición "O planeta da igualdade" 2007

Nº visitantes da exposición 2007		
	NENAS	NENOS
	1.458	1.370
TOTAL	2.828	



ACCIÓN 5: SENSIBILIZACIÓN AO PROFESORADO


A xornada dirixida a persoal de educación é a acción realizada dentro da sensibilización ao profesorado. Esta xornada titulada “Novos enfoques da educación dende a perspectiva da igualdade de xénero” tivo o obxectivo de difundir a aplicación transversal da igualdade de xénero o labor docente e a política educativa, en colaboración co CEFORE.

Os contidos incluídos na xornada referíronse a experiencias de promoción da igualdade en distintos centros educativos da provincia de Pontevedra, experiencias de transversalidade de xénero na comunidade andaluza, e obradoiros prácticos de traballo con profesionais da educación.

Xornada “Novos Enfoques da Educación dende a perspectiva da Igualdade de Xénero” 2006

	MULLERES	HOMES
	85	6
TOTAL	91	

Xornada “novos enfoques da educación dende a perspectiva da igualdade de xénero” 2006



LIÑA DE ACTUACIÓN 2 SENSIBILIZACIÓN INSTITUCIONAL

O obxectivo desta liña foi potenciar dende as administracións a promoción da igualdade de oportunidades e as medidas de acción positivas nos ámbitos de servizos sociais, formación e emprego.

ACCIÓN 1: MAINSTREAMING INSTITUCIONAL DE XÉNERO E CLÁUSULA DE IGUALDADE

O Mainstreaming institucional tivo o obxectivo de estudar a aplicación da perspectiva de xénero nos distintos concellos da Mancomunidade de Vigo, nas áreas: emprego, política social, e formación. Nesta acción participaron conxuntamente os equipos de xestión do proxecto coas entidades sindicais da Agrupación de Desenvolvemento (CCOO, CIG, UGT).

O traballo concluíu coa publicación denominada “Mainstreaming institucional e de xénero nos concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo nas áreas de emprego, formación e políticas sociais e muller”.

LIÑA DE ACTUACIÓN 3 SENSIBILIZACIÓN EMPRESARIAL E LABORAL

Esta liña pretendeu acadar o obxectivo de eliminar a segregación laboral e diminuír a discriminación no mercado de traballo, a través do contacto directo coas empresas, tramitación de ofertas, campañas e foros.


ACCIÓN 1: VISITAS A EMPRESAS E OFERTAS DE EMPREGO

As visitas ás empresas da Mancomunidad de Vigo incluíron a finalidade de sensibilizar o empresariado para a adopción de medidas de igualdade e polo tanto fomentar a eliminación das discriminacións por razón de sexo.

Nesta acción podemos diferenciar por unha banda “as empresas visitadas”, como aquelas coas que se establecen entrevistas telefónicas, ou envíos de información sobre as accións para empresas, e por outra “as empresas incorporadas” como aquelas nas que se realizan entrevistas persoais coa sinatura de compromisos específicos, nos eidos de: xestión de ofertas, estudos diagnósticos de igualdade, asesoramento a recursos humanos en materia de igualdade, e a solicitude de axudas para a implantación de medidas positivas.

O número de empresas visitadas e incorporadas durante o ano 2006 foi de 179 e 132 respectivamente, mentres que no 2007 foi de 310 e 60.

O total de empresas visitadas durante os anos 2006 e 2007 segundo a súa porcentaxe de representación por sectores sinálase a continuación.



Nº empresas visitadas e incorporadas


	2006	2007
Nº visitas	179	310
Nº incorporacións	132	60

Por sectores de actividade e distribución anual o número de empresas incorporadas é o que reflicte o gráfico seguinte.

Nº empresas incorporadas por sectores - actividades

	2006	2007
Alimentación	0	2
Comercio	4	0
Construcción	35	0
Industria	6	0
Metal-automoción	27	0
Metal-naval	15	0
Servizos	45	33
Outros	0	11
TOTAL	132	46


Empresas incorporadas por sectores - actividades. 2006-2007



O trámite de ofertas de emprego foi un dos servizos ofertados ás empresas, achegando ao mercado laboral as mulleres presentes no proxecto e favorecendo, así, a intermediación laboral prioritariamente en “postos tradicionalmente masculinizados”.

Algúns dos postos tramitados foron: arquitecta técnica, carretilleira, caldeireira-soldadora, chorreira, condutora de autobús, delineante industrial, delineante na construción, enxeñeira técnica industrial, informática, mecánica-electricista, operaria de automoción, operaria de produción, peoa, pintora naval, pregadora, programadora, rebarbadora, responsable de almacén, soldadora, técnica de calidade.

Porcentaxe de ofertas nos sectores masculinizados. 2006-2007



Nº de postos ofertados

	2006	2007
Postos masculinizados	68	113
Postos non masculinizados	21	13
TOTAL	89	126

ACCIÓN 2: CAMPAÑAS DE DIVERSIFICACIÓN PROFESIONAL

As campañas de sensibilización aplicáronse co obxectivo de difundir entre diferentes públicos a diversificación profesional para as mulleres en oficios nos que se atopan subrepresentadas mediante a presenza en feiras sectoriais, difusión de información por correo, por radio e prensa e contacto directo co empresariado.

Presenza en feiras: as feiras nas que se participou con espazo propio do proxecto foron:

Feiras Profesionais	
2006	- Feira sector naval NAVALIA - Salón Internacional da Construción SICO - Feira Turismo e de Náutica TURNAÚTICA
2007	- Feira Internacional de Enerxías Alternativas e Medioambiente

Os contidos que incluían ditos espazos foron: información do proxecto para empresas e persoas visitantes, organización de mesas de visibilización, folletos e mercadotecnia como bolígrafos publicitarios, gomas, libretas, etc.

Campaña de sensibilización empresarial: no ano 2007 realizáronse as campañas destinadas a sensibilización empresarial coa finalidade de difundir as accións positivas do proxecto e fomentar a contratación de mulleres en oficios masculinizados. Neste eido destacamos:

Envío de 232 cartas a empresas

Elaboración e difusión do díptico “unha empresa con perspectiva de futuro: contrata por competencias”, conxuntamente coa UPD_MAIV, enviado a 400 empresas de toda a provincia de Pontevedra.

Difusión de accións para empresas en prensa e revistas, coa publicación de anuncios nos números 1 e 2 da revista +Qenergía, e un anuncio no Atlántico Diario.

Campaña de sensibilización social: no ano 2007 tamén se difunden campañas de diversificación profesional destinadas ao público en xeral a través das actuacións:

- Publicación de 3 cuñas publicitarias na cadea SER- Radio Vigo entre abril e xullo.
- Publicación dos anuncios “Día da muller traballadora”, co mensaxe de contratación de mulleres na Voz de Galicia, Atlántico Diario e Faro de Vigo.
- Organización de mesa de visibilización no concello de Baiona.
- Exposición da mostra “Imaxina e comparte máis” no concello de Vigo.

ACCIÓN 3: FOROS EN EMPRESAS


Os foros destinados ás empresas realizáronse coa finalidade de achegar ás organizacións a información necesaria en materia de igualdade de oportunidades.

Os contidos impartidos inclúen aspectos como: fórmulas de flexibilización para a conciliación e corresponsabilidade, plans de igualdade nas empresas, normativas laborais da lei de igualdade, e experiencias de políticas de igualdade nas empresas.

As xornadas organizadas dende a entidade asociada Confederación de Empresarios de Pontevedra foron:

Ano	Título xornada
2006	- O liderado na empresas, conciliación da vida familiar
2007	- Lei para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. - Implantación de medidas positivas nas empresas: conciliación e igualdade de oportunidades.

O total de persoas asistentes é:



Nº persoas asistentes as foros

	Homes	Mulleres
O liderado na empresa	10	36
Lei para a igualdade efectiva	55	45
Implantación de medidas positivas	47	42
TOTAL	112	123


ACCIÓN 4: ACCIÓNS DE IGUALDADE NAS EMPRESAS

O conxunto de accións dirixidas a empresas estiveron baseadas no fomento da igualdade dentro das organizacións facilitando ferramentas como o diagnóstico de igualdade, a formación para a promoción profesional das mulleres, e a introdución de medidas específicas de igualdade.

4.1. Diagnóstico de igualdade de oportunidades en empresas- MIDE

O MIDE pretendeu identificar a situación das distintas organizacións empresariais respecto a igualdade de oportunidades, detectando os ámbitos nos que se debe intervir e facilitando a toma de decisións na implantación de medidas de igualdade de oportunidades na cultura empresarial. Esta acción ofertou ás empresas da Mancomunidad de Vigo a posibilidade do estudio diagnóstico a elaboración dun informe posterior. Os MIDE realizados suman un total de **11 empresas**, 4 no ano 2006 e 7 no ano 2007, pertencentes os concellos de Vigo e O Porriño. Por sectores sinálanse nos cadros do lateral.

Nº MIDE por sectores 2006 - 2007



Nº MIDE por sectores


Sector	Nº empresas
Industria	2
Metal-automoción	5
Servicios	4
TOTAL	11

4.2. Promociona

A medida Promociona pretendeu fomentar o achegamento profesional das mulleres á dirección e a cargos de responsabilidade nas empresas para a eliminación da segregación vertical no mercado laboral.

A CEP, como entidade responsable desta acción dentro do proxecto, convocou axudas que incluíron o financiamento de accións de formación para a promoción profesional. As empresas presentadas a esta acción foron 9, das que se concederon 6 axudas Promociona.

Nº promociona / sectores 2006-2007



Nº promociona/ sector


Sector	Nº empresas
Industria	1
Metal-automoción	1
Servizos	4
TOTAL	6

4.3. Rede de empresas pola igualdade

A rede de empresas pola igualdade realizouse co obxectivo de favorecer e premiar a aplicación de medidas de igualdade de oportunidades nas organizacións empresariais que recollan: a flexibilidade horaria, a adaptación dos postos, a implantación de teletraballo e servizos para a conciliación.

A entidade encargada da execución desta acción foi a CEP, que concedeu un total de 8 axudas de 16 solicitudes presentadas.

Nº rede de empresas / sector - actividade



Nº rede de empresas / sector - actividade

Sector	Nº empresas
Construcción	1
Industria	1
Metal-automoción	1
Servizos	4
Téxtil	1
TOTAL	8

4.4. Formación para mulleres das empresas

O obxectivo desta formación foi a de capacitar a mulleres directivas e emprendedoras na xestión das empresas. Os cursos de formación desenvolvéronse no ano 2007 dende a entidade asociada á Agrupación de Desenvolvemento CEP, con 15 mulleres participantes cada un.

Curso: Implantación de habilidades directivas

Obxectivo: fomentar as calidades do liderado para a xestión de equipos de traballo.

Duración: 150 horas

Curso: O talento directivo. Igualdade de oportunidades.

Obxectivo: adquirir pautas de dirección eficaz na xestión de persoas e mecanismos de conciliación da vida persoal e laboral.

Duración: 82 horas

ACCIÓN 5: CONVENIOS COLECTIVOS DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Analizáronse os convenios colectivos do sectores metal e construción, coa finalidade de determinar as discriminacións de xénero existentes neles. Esta acción enmárcase dentro dos acordos transnacionais e publícase no ano 2006 o estudo baixo o título “Análise de xénero na negociación colectiva do metal e da construción nas empresas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo”.

O estudo analiza vinte e seis empresas nos eidos de: acceso ao emprego e formación, promoción profesional, ordenación do salario e condicións económicas, conciliación da vida familiar e laboral, linguaxe convencional en relación ao xénero.

ACCIÓN 6: CENTROS ANTENA SECTORIAIS EN INTERMEDIACIÓN E ASESORAMENTO

Os centros antenna sectoriais localizáronse nos locais das entidades que formaban parte da Agrupación e Desenvolvemento, CCOO, CEP, CIG, UGT, coa finalidade de captar mulleres para o proxecto, formar en igualdade a profesionais, elaborar materiais, e asesorar das medidas de igualdade aplicadas ó ámbito laboral.

6.1. Elaboración e difusión de documentos de igualdade de oportunidades para o traballo sindical

Os materiais de igualdade de oportunidades elaboráronse dende os distintos centros antenna, coa finalidade de informar e formar ás federacións sindicais. Os distintos documentos son folletos de difusión de información xeral da nova lei de igualdade e manuais prácticos de uso para a formación da representación sindical.

Os materiais elaborados dende os distintos centros antenna amósanse no seguinte cadro.


Documentos dos centros antenna 2006-2007

Centro	Documentación
CCOO	- Material: Xornadas sobre as leis de igualdade de oportunidades, implicacións no ámbito laboral - Guía sobre a igualdade de oportunidades - Espazo Web coa información do proxecto
CIG	- 25 circulares informativas sobre a lei de igualdade - Exposición 8 marzo. Espazo Web - Construindo espazos de igualdade. Materiais formativos para axentes sindicais
UGT	- Guía de igualdade de oportunidades

6.2. Asesoramento a persoas

A atención a persoas dende os centros antena sectoriais contemplou o asesoramento a casos de discriminación laboral e conciliación, a revisión de convenios colectivos, a información sobre a nova lei de igualdade, a consulta do fondo bibliográfico e tamén a derivación de mulleres ás accións do proxecto.

Asesoramento a persoas nos centros antena 2006- 2007



Asesoramento a persoas

	2006		2007	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
CCOO	40	14	70	40
CIG	21	0	277	173
UGT	40	30	67	50
TOTAL	101	44	414	263

LIÑA DE ACTUACIÓN 4 ATENCIÓN ÁS PERSOAS

O obxectivo desta liña. é o de potenciar a inserción laboral das mulleres en oficios e sectores nos que se atopan subrepresentadas, mediante a reafirmación do itinerario profesional, a capacitación para emprendedoras, e a práctica profesional para mulleres no sector medioambiental.

ACCIÓN 1: CAPTACIÓN E RECEPCIÓN INICIAL DE PERSOAS

A liña de atención a persoas comeza a súa actividade na captación e recepción inicial das mulleres formadas en oficios tradicionalmente masculinizados, co obxectivo de darlles a coñecer o proxecto. A sinatura de compromisos con entidades garantiu a difusión da información entre as persoas con entidades como servizos municipais, ou oficinas públicas de emprego.

No sistema de captación de mulleres formadas en oficios masculinizados distinguimos os plans de busca sectoriais e territoriais. Nos plans de busca sectorial realizáronse grupos de información das accións do proxecto a través das oficinas do servizo público de emprego de Vigo, O Porriño, Redondela e Baiona, nos proxectos de obradoiro de emprego dos concellos de Redondela, Fornelos de Montes e Mos, e no centro de formación de Coia así como da publicidade en prensa. Nos plans de busca territoriais usouse a presenza do bus nos diferentes concellos para o desenvolvemento de sesións informativas grupais para captación de mulleres.

Nas seguintes táboas, reflítese anualmente as sesións grupais desenvolvidas nos anos 2006 e 2007, así como o nº de mulleres recibidas, sendo no plan de busca sectorial un total de **14** sesións e **7** no plan de busca territorial.

Plans busca sectorial 2006 - 2007

	2006	2007
Sesións grupais	Nº mulleres	Nº mulleres
Grupo 1- Redondela (Emprego)	14	
Grupo 2- Vigo (C. Formación Coia)	7	
Grupo 3- Baiona (Emprego)	13	
Grupo 4- Baiona (Emprego)	15	
Grupo 5- Baiona (Emprego)	26	
Grupo 6- Anuncio prensa	6	
Grupo 7-Vigo (Emprego)	10	
Grupo 8- Vigo (Emprego)	10	
Grupo 9- Vigo (Emprego)	10	
Grupo 10- Vigo (Emprego)	9	
Grupo 11 - Fornelos de Montes (O. Emprego)	26	
Grupo 12- Mos (O. Emprego)	21	
Grupo 1- Vigo (C. Formación Coia)		8
Grupo 2- Vigo (Emprego concello)		37
	167	45
Total	212	

As distintas entidades derivadoras do proxecto configuran un total de 55 no ano 2006, que forman parte dos plans de busca territoriais. Estas entidades derivan as mulleres a través da extranet do proxecto.

Entre as entidades derivadoras do territorio da Mancomunidade de Vigo, podemos destacar: centros antena do proxecto, fundacións, centros de información ás mulleres dos concellos, plan galego de inclusión social, técnicos e técnicas locais de emprego, servizos sociais dos concellos, oficinas de información xuvenil, asociacións empresariais, asociacións de discapacidades e universidade.

As entidades foron: Axencia de desenvolvemento local de Salvaterra, Asociación investigación metalúrxica AIMEN, AJE Vigo, Asociación de Empresarios de Mos, Asociación de Empresarios de Redondela, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra, Caixanova, Cámara oficial de comercio, industria e navegación, Centros antena CCOO/ CIG/ UGT, CDL Gondomar, CEP-Confederación de empresarios de Pontevedra, CIM Baiona, CIM Gondomar, CIM Nigrán, CIM Porriño, CIM Redondela, CIM Soutomaior, CIM Vigo, COGAMI -Confederación Galega de Minusválidos, Colexio Vigo, Concello de Fornelos de Montes, Concello de Mos-Área de educación, formación, Concello de Salceda de Caselas, Cruz Vermella Española Vigo, Desenvolvemento local e emprego – Concello de Vigo, Federación veciñal "Eduardo Chao", Forem Vigo, Fund. Universidade de Vigo-Of. Inic. Empresariais, Fundación Érguete, Fundación Quinesia, Fundación Radio Eccca, Fundación Secretariado Xitano, Instalectra, Instituto Politécnico Marítimo del Atlántico, MAIV, Oficina Emprego Baiona, O Porriño, Redondela, e Vigo, OMIX Soutomaior, Plan de Inclusión Gondomar, Plan Integral de Emprego de Porriño, Servizos sociais Concello de Soutomaior, Servizos sociais de Redondela, Servizos sociais do Concello de Pazos de Borbén, Servizos sociais e de atención primaria Porriño, Servizos sociais e de

Plans busca sectorial 2006

Sesións grupais	Nº mulleres
Grupo 1_ Vigo	3
Grupo 2_ Vigo	6
Grupo 3_ Vigo	11
Grupo 4_ Vigo	11
Grupo 5_ Vigo	10
Grupo 6_ Vigo	8
Grupo 7_ Vigo	8
Total	57

emprego Nigrán, SIE Redondela, TLE Baiona – Concello, TLE Concello de Porriño, TLE Redondela- gabinete de emprego.

O número **total de mulleres derivadas** directas dende as entidades e plans de busca territoriais e sectoriais é de **559**.

**Nº Mulleres derivadas por
Concellos 2006 - 2007**

CONCELLO	2006	2007
Baiona	54	3
Fornelos de Montes	26	5
Gondomar	0	3
Mos	21	19
Nigrán	0	1
Pazos de Borbén	0	2
Porriño O	166	8
Redondela	14	5
Salceda de Caselas	0	1
Salvaterra de Miño	0	1
Soutomaior	0	1
Vigo	136	93
TOTAL	417	142

Nº mulleres Reafirma

	2006	2007
TOTAL	145	104
TOTAL	249	

ACCIÓN 2: REAFIRMA: ITINERARIOS PARCIAIS PARA A REAFIRMACIÓN DO OBXECTIVO PROFESIONAL

A acción “reafirma” tratou de posibilitar o acceso ao mercado de traballo das mulleres que xa están formadas en ocupacións e sectores masculinizados mediante a execución de itinerarios parciais coa finalidade da busca de emprego no sector onde se atopan capacitadas.

Para a determinación dos itinerarios parciais personalizados de inserción realizáronse diferentes entrevistas persoais para a análise da cualificación profesional, das habilidades persoais-profesionais, a revisión do obxectivo profesional e o fomento da motivación na actividade profesional nos sectores tradicionalmente masculinizados e na participación no proxecto, cunha duración de 100 horas. Sobre as entrevistas iniciais de diagnóstico e valoración e segundo o perfil e necesidades das mulleres, estas confirmaban o seu compromiso de participación.

Nesta acción Reafirma considerouse ademais da atención individualizada, a realización dos módulos de “Competencias para o emprego nos sectores masculinizados”, con 28 horas de duración, coa finalidade de adestrar as competencias persoais para o desenvolvemento de actividades profesionais nos sectores onde as mulleres teñen baixa representación. Os contidos deste módulo foron: influencia da análise persoal no desenvolvemento de ocupacións profesionais, os estereotipos e mercado laboral, análise do funcionamento do mercado laboral dende a perspectiva de xénero, respondendo asertivamente ás barreiras, resolver conflitos por medio da negociación e a xestión do tempo e a toma de decisións.

Obradoiro competencias para o emprego nos Sectores masculinizados - Nº mulleres

CONCELLO	2006	2007
Fornelos de Montes		8
Porriño O	4	7
	11	
Redondela	8	8
Vigo	14	25
	9	17
TOTAL	46	57

O número de módulos realizados foron de 3 no Porriño (do centro antenna O Porriño), 1 en Redondela (centro antenna de Redondela) e 1 en Fornelos de Montes (centro antenna de Redondela) e 4 en Vigo (centro antenna de Vigo), cun total de 9 accións formativas, o número de mulleres que participaron sinálase a continuación.

De xeito complementario introduciuse formación sobre novas tecnoloxías mediante o módulo “Recursos na rede”, de 12 horas de duración, e o traballo directo de inserción a través dos “Club de emprego”. O número de grupos por concellos na actividade de recursos na rede son 1 grupo en Fornelos de Montes, e 2 en O Porriño e Vigo respectivamente, o número de clubs de emprego foron 2 no concello de O Porriño. O número de mulleres participantes sinálase no seguinte cadro.

**Nº Mulleres - Recursos na Rede/ Club
Emprego 2006-2007**

CONCELLO	RECURSOS NA REDE	CLUB EMPREGO
Fornelos de Montes	8	
Porriño O		11
Vigo	18	
TOTAL	26	11

ACCIÓN 3: REAFIRMA - MEDIOAMBIENTE

A acción de Reafirma medioambiente desenvolveuna a Fundación Caixanova como entidade asociada do proxecto. Esta acción tivo por obxecto facilitar a iniciación profesional en empresas e organizacións do sector medioambiental da Mancomunidade de Vigo, a través de 18 bolsas cunha duración de 6 meses nos centros de traballo e cunha contía de 500 euros mensuais. As mulleres que participaron nas bolsas tiñan un perfil nos ámbitos formativos de: bioloxía, química, ciencias do mar, enxeñería técnica e superior, ciclos medios e superiores de medioambiente.

Durante o ano 2007 preseleccionáronse **84 mulleres**, 37 na primeira convocatoria e 39 na segunda, **para as 18 bolsas**. O proceso de selección realizouse mediante a preselección dos currículos valorados segundo criterios, e entrevistas persoais con responsables das empresas. Finalizada esta acción, o 94% das mulleres foron incorporadas ás empresas onde realizaron as prácticas cunha relación contractual.

ACCIÓN 4: EMPRENDE INNOVA

Emprende innova xestionouse dende a entidade asociada á Agrupación de Desenvolvemento do proxecto Universidade de Vigo, coa finalidade de apoiar a creación de proxectos empresariais liderados por mulleres con carácter innovador. O total de proxectos presentados **foron de 10 durante o 2007**, dos que **9** foron concedidos.

O criterios establecidos na priorización dos proxectos foron: innovación, viabilidade técnica, viabilidade económica, viabilidade comercial, grao de inserción de mulleres en sectores masculinizados, e porcentaxe de traballadoras na empresa.


ACCIÓN 5: REEMPRENDE: ACCIÓNS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS PROMOVIDAS POR MULLERES

O ámbito de Reemprende está composto por un conxunto de actuacións que teñen por obxectivo fomentar a creación e a consolidación de empresas xestionadas por mulleres preferentemente en sectores innovadores, medioambientais ou masculinizados, a través de formación, información e subvencións específicas do proxecto.

5.1. Recepción de emprendedoras

As mulleres cunha idea empresarial definida e con habilidades emprendedoras recibíronse no proxecto mediante entrevistas persoais onde se realizaba o itinerario parcial segundo as necesidades manifestadas. Sobre estas necesidades realizábase un compromiso de participación co proxecto.

A chegada de emprendedoras estableceuse a través da derivación doutros centros onde xa as asesoraban na viabilidade do negocio e a elaboración do plan de empresa. As entidades derivadoras foron: as/os técnicas/os locais de emprego da Mancomunidade de Vigo (SAE), asociacións empresariais e outros servizos municipais.



Nº Mulleres Reemprende

	2006	2007
	55	76
TOTAL	131	

5.2. Formación para emprendedoras

As actuacións de capacitación para emprendedoras incluíron diferentes cursos en distintas modalidades, ademais da creación de espazos para compartir e visibilizar experiencias de autoemprego.

Formación presencial/distancia

A formación para emprendedoras realizouse coa finalidade de mellorar a capacitación técnica na xestión das empresas lideradas por mulleres, os cursos de formación organizáronse nas dúas modalidades, presenciais e a distancia.

Presencial: Formación Reemprende

Obxectivo: fomentar a cohesión grupal e a adquisición de contidos nos ámbitos da novas tecnoloxías, a igualdade de oportunidades, e o medioambiente.

Duración: 90 horas

Curso: Emprender un proxecto de empresa (on line)

Obxectivo: coñecer os métodos e estratexias necesarias de cara a conseguir o éxito na creación dunha nova empresa.

Duración: 100 horas de duración

Curso: Financiamento para emprendedoras (edición 1 e 2) (on line)

Obxectivo: introducir e afondar nas cuestións básicas na xestión das finanzas empresariais para a xestión óptima das empresas.

Duración: 65 horas de duración

Nº Mulleres Formación Reemprende

	2006	2007
Formación presencial	10	
Emprender un proxecto de empresa		40
Finanzas para emprendedoras 1		40
Finanzas para emprendedoras 2		23
TOTAL	10	103

Seminarios de formación e intercambio entre mulleres emprendedoras

Enmarcada na actuación de seminarios de formación realizouse no ano 2007 a xornada "Donas emprendedoras e innovadoras", coa finalidade de visibilizar distintas experiencias de mulleres emprendedoras, metodoloxías e estratexias para o éxito dos proxectos empresariais.

O número de participante foi de **48 persoas**, con 46 mulleres e 2 homes.

5.3. Axudas directas a empresas de mulleres "Reemprende"


O obxectivo das axudas económicas foi o de apoiar a creación, a posta en marcha e o mantemento de empresas prioritariamente en sectores tradicionalmente masculinizados. Estas axudas estiveron promovidas pola Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo.

No ano 2007 o número de empresas que solicitaron foron 6 e concedéronse **5 axudas "Reemprende"**.

5.4. Espazo da muller emprendedora: viveiros de empresa

O Espazo da Muller Emprendedora (EME) creouse coa finalidade de poñer en marcha viveiros de empresas para as mulleres que lideran os proxectos empresariais prioritariamente de sectores masculinizados e innovadores. Na posta en marcha desta actuación o proxecto Conta con elas colaborou co Concello de Vigo- Concellería de emprego. Os viveiros están compostos por 7 espazos independentes no centro Espazo das Mulleres Emprendedoras.

Seminario: "Donas emprendedoras e innovadoras" 2007



LIÑA DE ACTUACIÓN 5 PRINCIPIOS TRANSVERSAIS

O obxectivo desta liña foi a introdución dos contidos de igualdade de oportunidades, medioambiente e novas tecnoloxías a todas as liñas e accións do proxecto.

ACCIÓN 1: ACCIÓNS TRANSVERSAIS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

As accións de promoción de igualdade de oportunidades garanten a aplicación do enfoque de xénero a todas as actuacións do proxecto, considerando un conxunto de medidas positivas a través do asesoramento técnico, a revisión de documentación, e a formación.

1.1. Accións de igualdade de oportunidades para as participantes do proxecto

Os cursos de “Competencias para o emprego nos sectores masculinizados” contemplan en todos os contidos a aplicación transversal da perspectiva de xénero ademais da introdución de contidos como: a socialización de xénero, a división sexual do traballo, a segregación horizontal e vertical, a conciliación laboral e familiar e as políticas de igualdade de oportunidades. O total de módulos impartidos vese reflectida na acción “Reafirma”.

A revisión da aplicación de igualdade realizouse tamén na acción Reemprende, a través da impartición de módulos de igualdade con 15 horas de duración tanto na formación presencial como na formación a distancia. Os contidos que inclúen son: a socialización de xénero, a realidade sociolaboral do traballo das mulleres, a segregación profesional, a igualdade de oportunidades na xestión dos recursos humanos, e o liderado e a toma de decisións por parte das mulleres. Os módulos impartidos están recollidos na acción “Reemprende”.

1.2. Accións de igualdade de oportunidades para o equipo técnico

A formación inicial "interna" en igualdade de oportunidades realizouse coa finalidade de capacitar na aplicación transversal da perspectiva de xénero a todas as accións do proxecto. O curso destinouse ao equipo de profesionais e o equipo técnico da Agrupación do Desenvolvemento, cunha duración de 20 horas, no ano 2006.

Nº Persoas Formación Interna

	2006	
	Mulleres	Homes
	20	3
TOTAL	23	

1.3. Formación en igualdade nos ámbitos socioeducativo, institucional e empresarial-laboral

1.3.1. Formación no ámbito socioeducativo


As accións de formación no ámbito socioeducativo organizáronse dende o equipo de xestión e das entidades asociadas ó proxecto.

A actividade de formación organizada dende o equipo de xestión do proxecto foi en colaboración co CEFORE, coa realización de dous cursos de formación baixo o título "A transversalidade de xénero no ámbito educativo" e co obxectivo de difundir a aplicación transversal da igualdade de xénero a labor docente e a política educativa, cunha duración de 21 horas.

Os cursos inclúen os contidos referidos a: análise da discriminación social sobre as mulleres, transversalidade como instrumento da igualdade na educación, e pautas a ter en conta para o fomento da igualdade dende as aulas.

A asistencia por sexos sinálase no gráfico lateral.

Curso "A transversalidade de xénero no ámbito educativo" 2006



Dende a Universidade de Vigo púxose en marcha o curso de "Formación en xénero", co obxectivo de presentar unha revisión das perspectivas e prácticas androcéntricas, e destinado ó persoal docente da Universidade de Vigo. A duración do curso foi de 14 horas no ano 2007.

Os datos totais dos anos 2006 e 2007 son os seguintes:

Nº persoas formación ámbito socioeducativo

	2006		2007	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Formación en xénero (Universidade de Vigo)			10	4
A transversal idade..1 (MAIV)	12	0		
A transversalidade..2 (MAIV)	10	2		
TOTAL	22	2	10	4
TOTAL	24		14	

1.3.2. Formación no ámbito institucional

A formación en igualdade de oportunidades no ámbito institucional impartíuse no concello de Vigo, destinado a 80 persoas traballadoras do ámbito local dos grupos A, B, C, D, E, durante o ano 2007. Os cursos foron:

Curso: A conciliación da vida familiar, persoal e laboral, enfoques novos sobre vellos problemas.

Obxectivo: achegar as distintas medidas para a harmonización da vida persoal, familiar e laboral e os diferentes recursos.

Duración: 10 horas

Curso: Políticas de igualdade entre mulleres e homes, logros, e desafíos.

Obxectivo: achegar as novas incorporación na lexislación estatal, e autonómica no ámbito de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Duración: 10 horas

Curso: As políticas familiares e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral.

Obxectivo: coñecer as medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a súa influencia na promoción da igualdade.


Duración: 20 horas

Curso: Igualdade de xénero e administracións públicas.

Obxectivo: analizar as novidades relativas ás medidas de igualdade de oportunidades nas administracións públicas.

Duración: 20 horas

Módulos de IO nas Federacións Sindicais



Total persoas nos obradoiros/ xornadas 2006-2007

	2006		2007	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
TOTAL	52	9	339	291

Nº persoas dos módulos de I.O. Federacións Sindicais

ENTIDADE	2006		2007	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
CCOO	31	9	16	16
CIG	24	13	46	16
UGT	0	0	68	90
TOTAL	55	22	130	122

1.3.3. Formación no ámbito empresarial- laboral

Obradoiros e formación en igualdade nos centros sindicais

As entidades sindicais, CCOO, CIG, e UGT, que formaron parte de Agrupación de Desenvolvemento puxeron en marcha os obradoiros, as xornadas e os módulos de formación para a igualdade de oportunidades dirixidas a persoal do ámbito sindical, ensinantes e profesionais do emprego, co obxecto de fomentar aplicación da igualdade de xénero nos distintos ámbitos. A duración dos obradoiros e xornadas foi entre 5 e 10 horas.

O número total de persoas asistentes no ano 2006 foi de **61** persoas, e no 2007 foi de **630** persoas.

A formación en igualdade de oportunidades para delegadas e delegados sindicais supuxo a impartición de módulos con 10 horas de duración, coa finalidade de fomentar a igualdade de oportunidades no traballo sindical. Os módulos foron impartidos nos centros antena das entidades sindicais da Agrupación de Desenvolvemento CCOO, CIG, UGT. As federacións sindicais que participaron nas distintas entidades foron: químicas, administración, metal, servizos, ensino, comercio, alimentación, comercio.

Os obradoiros e xornadas programados foron os seguintes.

Nº de obradoiros/xornadas 2006 - 2007

ENTIDADE	2006	MULLERES	HOMES
CCOO	Obradoiro de igualdade de xénero na educación.	9	4
	Xénero e medios de comunicación.	6	3
	Igualdade de xénero na lexislación.	10	2
CIG	Igualdade de oportunidades: plan de inserción laboral (I). 10 horas.	15	0
	Igualdade de oportunidades: plan de inserción laboral (II). 10 horas.	12	0
TOTAL		52	9
ENTIDADE	2007		
CCOO	O tratamento da igualdade polos partidos políticos	9	0
	As leis de igualdade. Implicación no ámbito laboral	61	40
CIG	Introdución transversal da perspectiva de xénero: educación infantil e primaria	11	4
	Introdución transversal da perspectiva de xénero: educación secundaria e bacharelato	7	6
	Conciliación e igualdade no marco laboral	86	37
	Obradoiro aberto para delegadas/os metal. Igualdade e conciliación, dereitos laborais.	7	126
UGT	Xornada: A igualdade: unha materia pendente	41	13
	Xornada: Educando en igualdade	117	65
TOTAL		339	291

Obradoiro proxecto BIAL

Co obxectivo de formar ao alumnado-traballador do proxecto BIAL do Concello de Vigo na promoción da igualdade de oportunidades, impártese un obradoiro de 2 horas de duración coa seguintes asistencia:

Obradoiros Bial- 2006

	2006	2007
Grupo 1	24	18
Grupo 2	19	11
TOTAL	43	29

Formación en Igualdade a distancia

A formación en igualdade a distancia realizouse mediante o uso dunha plataforma de teleformación baixo o título de "A igualdade de oportunidades no ámbito laboral: desigualdade e estratexias de intervención", con 50 horas de duración.


Nº persoas formación interna

	2008	
	Mulleres	Homes
Edición 1	42	8
Edición 2	60	5
Total	102	13

Os contidos do curso organizáronse en dous módulos: o módulo 1, claves da igualdade de oportunidades e análise dos factores que interveñen na desigualdade, e o módulo 2, estratexias de intervención na segregación horizontal e vertical.

A participación no curso sinálase a continuación.

Curso "A igualdade de oportunidades no ámbito laboral: desigualdades e estratexias de intervención"



+as
conta
CONELAS

Índice

Claves da Igualdade de Oportunidades. Análise dos factores que interveñen na desigualdade. Estratexias de intervención na segregación horizontal e vertical.

1ª edición Estratexias para a eliminación das desigualdades e o emprego en Europa

En canto se accede a lo desenvolvemento das carreiras das mulleres, observamos dúas tendencias:

Por unha banda, a cualificación e o desenvolvemento das carreiras profesionais por parte das mulleres concéntrase en sectores que permiten o seu acceso (profesións intelectuais, científicas e técnicas no sector público, no ámbito da investigación).

Por outra banda, baséase unha formación maior nos empregos administrativos, no sector servizo, en empregos pouco cualificados.

O tratamento do **traballo temporal**, unha das grandes transformacións do mercado de traballo a finais dos anos 80 do século XX, incluíu particularmente nas mulleres e nos grupos máis vulnerables no mercado de traballo.

Con **matróna de mulleres** entre o grupo de persoas activas, traballadoras temporais.

Formación en igualdade para empresas

O módulo "Economía e xénero" incluído dentro do Mestrado en xénero, educación, políticas de igualdade e liderado, cunha duración de 60 horas, dirixiuse a responsables de recursos humanos e persoal técnico. Esta acción a desenvolveu a entidade asociada Universidade de Vigo.

Os contidos deste cursos foron: o tempo, traballos e organización social: o traballo doméstico, muller e mercado de traballo, xénero e dereitos laborais, o xénero das políticas públicas, globalización, pobreza e muller.

A participación foi de 20 persoas, 18 mulleres e 2 homes.


1.4. Cooperación social para a conciliación de tempos: bancos do tempo

A cooperación para a conciliación de tempos implementouse a través dos bancos do tempo co obxectivo de facilitar dinámicas de participación social.

Esta actuación contempla diferentes eidos de intervención entre os que sinalamos:

- Formación a persoal responsable de asociacións veciñais, asociacións de mulleres e persoas interesadas.
- Recopilación de proxectos e elección destes.
- Formación para entidades na "Xestión de Bancos do tempo.
- Posta en marcha dos bancos do tempo por parte da Federación Veciñal Eduardo Chao, con 5 secretarías e Asociación Cultural e Veciñal de Valadares, con 1 secretaría, cubrindo a distinta poboación urbana, semiurbana e rural de Vigo, Gondomar e Nigrán.

Curso "Economía e xénero" 2007




Esta acción comezou a súa actividade no ano 2007 no mes de xullo dende a Federación Veciñal, e no mes de setembro na asociación Cultural e Veciñal de Valadares.

O servizo de Bancos do tempo prestado dende as distintas asociacións veciñais atendeu un número total de 78 persoas, que intercambiaron horas que demandaron servizos como: acompañamento a persoas maiores, ioga, bricolaxe, fontanería, electricidade, clases para adultos/as, clases de debuxo, iniciación á informática, iniciación a internet, coidados do xardín. Os servizos ofertados foron: lectura a menores, cociña para persoas enfermas, acompañamento a persoas, bricolaxe, fontanería, electricidade, iniciación á informática, iniciación a internet, ensino de idiomas. Os servizos intercambiados foron: iniciación ó debuxo, iniciación á informática, coidados do xardín, cociña, arranxos de costura, bricolaxe, e perruquería.

**Nº Persoas participantes
nos Bancos do Tempo**

2007		
	Mulleres	Homes
	56	22
TOTAL	78	

% Persoas participantes nos Bancos do Tempo 2007



ACCIÓN 2: NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

As novas tecnoloxías da información formaron parte de todo o proxecto cubrindo o obxectivo de facilitar ferramentas de traballo na xestión das actuacións mediante novos sistemas de comunicación, divulgación e control como web, extranets, boletíns.

2.1. Creación e mantemento da web do proxecto

O proxecto Conta con elas tivo ao longo da súa traxectoria a web denominada www.contaconelas.org, coa finalidade de difundir as intervencións do proxecto cara o exterior e fomentar o uso dun espazo compartido polas entidades asociadas á Agrupación de Desenvolvemento e as colaboradoras, nos eidos de: derivación de persoas, comunicación externa, base de datos de persoas e actividades, e equipo de xestión.

O número de visitas a web de contaconelas foron:

No 2006 un total de 2.939 visitas e no **2007 un total de 16.563 visitas.**

2.2. Boletín electrónico do proxecto

O boletín electrónico difundiu todas as accións do proxecto de xeito periódico, nun total de 150 entidades e coa presenza na web. O número de boletíns difundidos foi de 3 durante o ano 2006 e 3 no ano 2007.

2.3. Creación e mantemento da extranet e rede privada virtual

A extranet foi unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento do proxecto co obxectivo de xestionar os datos cualitativos e cuantitativos deste. Os datos das intervencións forman parte da extranet baixo os apartados de: mulleres atendidas, empresas, formacións, ofertas, ademais de establecer canles de comunicación coas entidades asociadas.

2.4. Plataforma de teleformación

A plataforma +AS permitiu realizar a formación a distancia a través dun espazo virtual propio para formación interna e externa ó proxecto. Os cursos realizados foron: igualdade de oportunidades no ámbito laboral, igualdade de oportunidades para empresas, e finanzas para emprendedoras, xa mencionados nas respectivas seccións.

2.5. Pool de participantes

Os pools foron espazos de traballo postos a disposición das participantes no proxecto, como unha ferramenta que incluía: documentación, aparatos informáticos, impresoras... coa finalidade de facilitar a formación e a busca de emprego.

2.6. Plataforma de emprego Emprégate

A plataforma Emprégate é un portal de emprego feminino elaborado co obxectivo de facilitar a información sobre o mercado laboral, as ofertas de emprego, a formación,.. baixo o dominio www.empregate.org.

2.7. Vídeo de presentación do proxecto

O vídeo de presentación ten a finalidade de informar sobre o proxecto, a área de intervención, as entidades que o compoñen e os obxectivos de traballo. Ademais de formar parte do material da web foi utilizado en diferentes eventos organizados dende Conta con elas.

2.8. DVD recompilatorio final

O produto final DVD recompilatorio do proxecto Conta con elas recolle todas as experiencias realizadas durante os anos de actuación, coa finalidade de difundir as boas prácticas na promoción da igualdade de oportunidades no ámbito laboral. As seccións que recolle o DVD son: que é conta con elas, mulleres, empresas, institucións, sociedade, igualdade de oportunidades, medioambiente, novas tecnoloxías e acción 3.

ACCIÓN 3: MEDIOAMBIENTE

O eido medioambiental estableceuse en todas as accións do proxecto a través de fórmulas como o uso de papel reciclado, a implantación de soportes dixitais minimizando o uso do papel e a formación a persoas usuarias na temática medioambiental.

Este ámbito tamén se traballou a través de accións específicas como “Reemprende-medioambiente” que fomentaron a inserción laboral das mulleres en actividades relacionadas con este, e a organización da xornada “Muller e medioambiente perspectivas en clave de sostibilidade”, dende a entidade asociada “Fundación Caixanova”.

LIÑA DE ACTUACIÓN 6 TRANSNACIONALIDADE

A cooperación transnacional é unha das liñas prioritarias dos proxectos Equal, a rede transnacional que se desenvolveu foi a denominada “Construire Ensemble”, composta polos proxectos:

- Conta con elas, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento Área Metropolitana de Vigo.
- Recuperare lo sviluppo de Chieti, Italia.
- Savoir- Faire pyreneens, de Toulouse, Francia.
- Exito, de Porto, Portugal.

O seu obxectivo foi a de colaborar na investigación e desenvolvemento de novos método se ferramentas nas áreas de adaptabilidade e igualdade de oportunidades.

Os Comités de Pilotaxe foron reunións de traballo que se realizaron para establecer os obxectivos de traballo e o seguimento das actuacións, contrastando os datos dende cada un dos proxectos. As reunións mantidas foron as seguintes:

- 1ª reunión en Porto, novembro de 2005.
- 2ª reunión en Toulouse, marzo 2006.
- 3ª reunión en Vigo, outubro 2006.
- 4ª reunión en Chieti, abril 2007.
- 5ª reunión en Porto, xuño 2007.

As acción que se desenvolveron foron: grupos de traballo, teleformación, web transnacional e CD transnacional.

ACCIÓN 1: GRUPOS DE TRABAJO

Os grupos de traballo configúranse co obxectivo de analizar e desenvolver diferentes actuacións nos **distintos contornos**, Vigo, Toulouse, Chieti e Porto.

As temáticas dos grupos foron a seguintes:

Grupo 1: sensibilización en igualdade de oportunidades. Este grupo desenvolveu unha experiencia de sensibilización en cada un dos contornos elaborando unha guía final para a difusión de metodoloxías de traballo, liderado polo proxecto Exito (Porto).

Grupo 2: Igualdade de oportunidades nas empresas, co obxectivo de elaborar un estudo de plans de igualdade de oportunidades nas empresas, e a xeración de pautas de actuación recollidos nunha guía práctica. Este grupo foi liderado polo proxecto Conta con elas.

Grupo 3: mulleres no sector da construción, coa finalidade de elaborar unha guía de formación e de inserción das mulleres no sector da construción cunha visión práctica. Dirixido dende os proxectos Recuperare lo sviluppo de Chieti, e Savoir-Faire pyreneens de Toulouse.

ACCIÓN 2: TELEFORMACIÓN

A formación a distancia facilitou a capacitación profesional a través das novas tecnoloxías coa finalidade de compartir unha mesma experiencia dende as distintas A.D. galega, portuguesa, italiana e francesa.

Os cursos foron:

Igualdade de oportunidades: organizado dende o proxecto Conta con elas, con 30 horas de duración e coa participación de 35 persoas.

Socioloxía da transformación social: xénero, etnia, por unha cultura da diferenza, organizado dende o proxecto Recuperare lo sviluppo, con 20 horas de duración e coa participación de 15 persoas.

ACCIÓN 3: WEB TRANSNACIONAL

A web transnacional www.construireensamble.org creouse coa finalidade de facilitar a comunicación entre entidades transnacionais. Os contidos que inclúe son: metodoloxías de traballo, eventos transnacionais, documentos, mensaxería e comunicación interna a través de chats.

O número total de visitas a web transnacional [construireensamble](http://www.construireensamble.org) foron:
No ano 2006 un total de 1.553 visitas e no ano 2007 un total de 1.394 visitas.

ACCIÓN 4: CD TRANSNACIONAL

O CD transnacional “Construire ensemble” realizouse co obxectivo de difundir o traballo en rede e as boas prácticas desenvolvidas ao longo do traballo. A información que contén o CD é un compendio de todos os comités de pilotaxe realizados, os produtos dos grupos de traballo, e cursos de formación.

LIÑA DE ACTUACIÓN 7 PUBLICACIÓNS E DIFUSIÓN

O obxectivo desta liña é xerar toda a información cara ao contorno das actuacións desenvolvidas dende o proxecto, ademais de recoller todas as boas prácticas en publicacións.

ACCIÓN 1: PUBLICACIÓNS E PRODUTOS

As publicacións e produtos elaborados no marco do proxecto son froito do traballo durante a execución de Conta con Elas e forman parte **das “boas prácticas” desenvoltas no territorio da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo. Expóñense todos os produtos co seu obxectivo.**

Entidade: Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo	
Título	Obxectivo
Análise de Xénero na Negociación colectiva do Metal e da Construción en empresas da Mancomunidad de Vigo	Difundir boas prácticas na igualdade de oportunidades nos convenios colectivos.
Calendario 2008	Visibilizar ás mulleres que están en sectores tradicionalmente masculinizados
Competencias para o emprego dende a perspectiva de xénero	Potenciar o uso de ferramentas para a orientación/formación e inserción laboral das mulleres en profesións masculinizadas e avanzar na diversificación do mercado laboral.
Conto da Carapuchiña vermella	Presentar as personaxes femininas cun papel activo no relato
Conto Imaxina e comparte máis	Facilitar a reflexión sobre a situación das mulleres no ámbito laboral, persoal e familiar
DVD "Conta con Elas" Experiencias pola igualdade.	Cofecer as experiencias laborais das mulleres en sectores masculinizados
Educación en igualdade. Formación para o profesorado	Posibilitar ferramentas didácticas para a introdución da perspectiva de xénero na educación
Grupo de traballo I: Guía de sensibilización relativa á igualdade de oportunidades	Visibilizar a experiencia de sensibilización social na igualdade de oportunidades nos distintos proxectos da cooperación transnacional.
Grupo de traballo II: Análise da igualdade entre mulleres e homes no mundo laboral: decálogo de recomendacións para o emprego en igualdade	Analizar de forma comparativa a implantación da igualdade de oportunidades nas empresas e recomendar pautas de aplicación na promoción, formación e retribución.
Grupo de traballo III: Guía metodolóxica de formación e inserción das mulleres na construción	Elaborar propostas de actuación para a inserción das mulleres no sector da construción
Mainstreaming institucional e de Xénero nos concellos da Mancomunidad de Vigo	Valorar o grao de transversalidade das políticas de igualdade nos concellos da Mancomunidad
Medidas de Igualdade para as empresas. MIDE	Fomentar a implantación de futuros plans de igualdade nas empresas
Unidade didáctica da exposición "Imaxina e comparte mais"	Eliminar os estereotipos de xénero no ámbito educativo
Unidade didáctica do obradoiro "Cambiano os guións"	Facilitar decisións profesionais non baseadas en estereotipos de xénero no ámbito educativo
CD-Formación on-line Igualdade de Oportunidades	Achegar a formación en Igualdade de Oportunidades, a través dun formato a distancia.
CD-Recompilatorio xogos exposición "O planeta da igualdade"	Recompilar os xogos interactivos dos que dispón a exposición "O planeta da igualdade", situada no Verbum-Casa das palabras.

Entidade da A.D.: CC.OO	
Título	Obxectivo
Formación en igualdade de oportunidades para representantes sindicais	Fomentar a aplicación do principio de igualdade na representación sindical
Entidade da A.D.: CIG	
Título	Obxectivo
Construíndo espazos de igualdade. Materiais formativos para axentes sindicais.	Facilitar materiais de traballo para a aplicación da perspectiva de xénero na representación sindical.
Compartindo espazos educativos. Introducción da perspectiva de xénero nas aulas	Fomentar a transversalidade de xénero no eido educativo.
Guía para o desenvolvemento da Lei 3/2007 na negociación colectiva	Achegar ferramentas actualizadas para implantar a igualdade na negociación.
Entidade da A.D.: Deputación de Pontevedra	
Título	Obxectivo
Materiais didácticos: cinefórum+ xogo interactivo "A igualdade non é un xogo"	Sensibilizar para a elección profesional non baseada no que se espera "tradicionalmente" dos homes e das mulleres mediante o visionado de películas.
Entidade da A.D.: UNIVERSIDADE DE VIGO	
Título	Obxectivo
O reto da igualdade. Feminismo, xénero e universidade	Expoñer os principios de igualdade de xénero para o persoal docente da Universidade de Vigo.
Documentación xornadas "Negociación colectiva e igualdade"	Achegar a documentación e ponencias da xornada "Negociación colectiva e igualdade", do 3 e 4 de outubro de 2007
Informe da avaliación da introducción da perspectiva de xénero no Proxecto Conta con Elas	Facilitar un modelo de avaliación específico sobre a introducción da perspectiva de xénero nun proxecto de emprego e igualdade.
Entidade da A.D.: UGT	
Título	Obxectivo
Guía de Igualdade de Oportunidades	Facilitar ferramentas de traballo para a formación en materia de igualdade de oportunidades no emprego.

ACCIÓN 2: DIFUSIÓN


Nº notas de prensa 2006-2007

	2006	2007
	62	60
TOTAL	122	

O plan de difusión do proxecto pretendeu informar de todas as accións do proxecto no contorno a través de anuncios, micro-reportaxes e notas de prensa.

A presenza nos medios garantiu o achegamento á poboación obxectivo, reforzando todas as liñas de sensibilización social, empresarial e institucional. Algúns dos medios nos que se publicitaron as distintas informacións foron: ADN, Atlántico Diario, Cadena Ser, Cope Vigo, El Correo Gallego, Faro de Vigo, Galiza Hoxe, La Región, Localia TV, Que diario, Que! Vigo, Radio Galega, Radio Redondela, RNE, Televigo, TVG, Vigo metropolitano, Voz de Galicia, Web concello Redondela, Web Conxuga, Web Deputación de Pontevedra, Web Mancomunidade de Vigo, Xeración web, Xornal Concello de Vigo, Xornal Vigo, 20 minutos.

Nº notas de prensa 2006-2007



Os anuncios publicados nos anos 2006 e 2007 dirixíronse a obxectivos como informar sobre o 8 de marzo, a captación de mulleres formadas en oficios tradicionalmente masculinizados, a información a empresas sobre as accións do proxecto, presenza en feiras sectoriais, información sobre as distintas xornadas, actividades formativas para emprendedoras e persoal técnico, distintas convocatorias como bolsas ou bancos do tempo.

Por outra banda tamén se difundiron notas de prensa coa finalidade de dar a coñecer con maior amplitude as accións a desenvolver ou os resultados das mesmas. O número total de notas de prensa foi de 122, concentradas nos meses de maior actividade no proxecto, segundo sinala o seguinte gráfico.



Fondo Social Europeo



Elduayen, 36. Soto 2-3. 36202 - VIGO
T 986 44 24 99 - F 986 22 66 32
info@contaconelas.org

www.contaconelas.org



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



fundación
caixanova

